



DIBUXO: MIGUEL GALANO

Un cantarín a destempo

↓ Manuel García-Galano

Sentados nel banco da rula, unha vez agotados os parzámiques d'aquela mañá, Saturno y Milio, dous veyos pescadores del outra banda, esperaban el hora d'irse xantar, mirando cómo as gaviotas planiaban por derriba da ribeira buscando algún despoxo que solía tiraryes el ruleiro, y dou rapacíos trataban d'atracar un chalano á escaleira. El muelle de terra taba aquela hora baleiro de xente, hasta qu'apareceu unha rapaza que, sin importarye el sol —que queimaba—, con andares repousados, foi achegándose a os nosos personaxes al tempo qu'observaba tamén as trabayosas operacións dos dous nenos pr'atracar el chalano y el engalar das gaviotas.

—É forasteira —comentóu Saturno—. ¿Hai xa veraniantes?

—Díxome a muyer qu'empezaban a verse caras novas. Ta chegando el Carme; xa nun é sin tempo.

Caras novas. Mentras a rapaza s'alexaba pouco a pouco camín da esplanada da gasolinera, Saturno seguía-la d'esgueira cua vista, escondendo unha sonrisa pícara y muchicando aqueles oyíos pequenos que tía, avezados en tantos anos a outiar el mar dende el *punte* da súa «Palometa».

—Inda che gustan as nenas —dice Milio, pra quen nun pasara inadvertida a oyuada de Saturno á nena.

—El boi veyo, se nun ara, guarda el rego, xa sabes; ademáis, os gustos que merecen a pena nun hai por qué perdelos —respondéu Saturno.

El paso da rapaza trouxéraye á memoria al veyo pescador un feito que sempre mantuvera pechado nel caxón qu'él chamaba dos sous acaecementos amorosos, sin contalo siquera a os máis achegados, como era Milio.

Peró aquel día sentíuse aberto y dispóxose a falarlo.

—Si me prometes nun dicilo a naide, cóntoche lo que me pasóu un día del Carme d'hai unhos anos.

—¿Pos é tanto secreto, ho? —inquiríu Milio.

—Élo; pra min, élo.

—Pos fala y tate tranquilo, que ben sabes que tamén eu sei calar condo fai falta.

Saturno empezóu a relatarlye a Milio cómo el viño fai ver fáciles as cousas complicadas y convirte en difíciles as máis simples, póñamos por caso, el andar. Así podería entenderse cómo el par de vasíos que tomara naquela mañá da festa y outros cuatro ou cinco da xanta deberan trastornarye a cachola de tal xeito que, condo subindo pral Campo Grande se topóu nel Pouso con unha guapa rapaza que baxaba, esta se ye convertise como un relustro nunha sirena irresistible.

—Nun sei qué pasóu por min, Milio, nun sei qué pasóu por a mía cabeza. A cousa foi que talmente m'esqueicín de quen eu era y encandiléime d'un xeito que me vin transformado nun personaxe entre príncipe y tenorio y, estendendo os brazos hacia a nena, empecéi a cantarye apasionadamente aquela cántiga que dice «Si tu me dices 'ven', lo deixo todo, si tu me dices 'ven'...».

—Y ela nun cho dixó, ben sei, claro.

—¿Qué coño iba dicir! Lo que fexo foi dar us pasos hacia min y, sin pensalo dúas veces arrimóume un par de lafazadas por banda y banda que m'espabilaron y fixéronme, de chope, esperar y volver al meu ser.

Milio ríase a cacaradas, sorprendido pol desenlace del relato del sou compañeiro.

—Eso nun era unha nena, Saturno, eso era un rezcachero. ¡Mira qu'un home afortunado en amores como tu fallase nese lance...!

—Peró é qu'inda nun acabóu ei a cousa, Milio. Vou dicirche qu'as lafazadas nun me doleron miga, xa que nun pasaron de seren dous cachetíos; lo que de verdá me doléu, lo que de verdá m'avergonzóu, foi qu'al irse a rapaza botóume unha oyuada entre despreciativa y burlúa y, mirandome de riba a embaixo, díxome:

—¡¡Veyoiro!!

